

Concurso de Traballos por Proxectos 2022-23

Código: 36014611 **Centro:** CEIP A LAMA

Localidade: A LAMA **Provincia:** PONTEVEDRA

1.- INTRODUCCIÓN

O CEIP A Lama vén desenvolvendo un Proxecto Documental Integrado anual coordinado pola Biblioteca Escolar dende o curso 2010/2011. Este proxecto documental ten como finalidade a adquisición das competencias e a conexión entre os distintos saberes que debe adquirir o alumnado, é dicir, a interdisciplinariedade como un dos principios básicos do currículo.

O noso **principal obxectivo** é que durante o proceso sexan desenvolvidas **todas as competencias clave**, sendo conscientes de que algunhas adquirirán máis protagonismo que outras en función da temática escollida neste curso.

Articulamos o noso proxecto ao longo dos meses con actividades que irán variando en función da fase na que nos atopemos:

1ª FASE Motivación

2ª FASE Procura e tratamento da información

3ª FASE Exposición do Aprendido

A **1ª FASE** comeza en Outubro, coa festa de inicio do PDI, actividade con obradoiros internivel que dan o sinal de saída para o inicio das distintas investigacións coa documentación.

Previamente o profesorado, nas distintas reunións de coordinación durante o mes de setembro, foi concretando distintos aspectos sobre a temática a



desenvolver que explicaremos no apartado 2 desta memoria.

Na **2ª FASE**, que se estende preto de 6 meses (Xaneiro a Abril), desenvólvense distintas actividades para a procura e tratamento da información, empregando os amplos recursos que a Biblioteca pon a disposición da comunidade educativa: espazos, fondos documentais, recursos tecnolóxicos (internet, tablets, ordenadores...), formación na procura da información, organización...

Dende as distintas áreas vanse relacionando os contidos do currículo e as competencias coa temática escollida, para deste xeito, empregar esta metodoloxía na súa adquisición en lugar de empregar metodoloxías ou recursos máis tradicionais.

Na **3ª FASE** (maio-xuño), desenvólvese a **comunicación do aprendido**. Cada ciclo prepara unha presentación para o resto da comunidade que se desenvolve en distintas xornadas e de distintos xeitos como amosaremos máis adiante.

O 100% do alumnado e profesorado do centro participa neste proxecto, coordinado dende o Equipo de Biblioteca e promovido polo Equipo Directivo como unha das liñas prioritarias de actuación do centro no relativo á adquisición da competencia informacional, a promoción do recursos da biblioteca, a integración no currículo, a contribución á alfabetización múltiple...

Organizámonos por ciclos, levando o peso das tarefas o profesorado titor, e adscribindo aos especialistas e eses ciclos para servir de apoio ao desenvolvemento do proxecto. Isto resólvese no primeiro claustro do curso e queda recollido na PXA. Esta organización tamén terá relevancia na concreción da temática.



2.- OBXECTO

“O teu consumo deixa pegada”

Que nos move a escoller este tema?

A nosa participación en **Proxecto Voz Natura**, dende a súa primeira edición en 1997, fixo que dende un principio (o noso primeiro PDI: A Auga [2010]) nos propuxeramos entroncar ambos proxectos: o de Biblioteca e a participación neste programa de educación medioambiental.

Como xa avanzabamos anteriormente, nas distintas reunións de coordinación

pedagóxica do mes de setembro realizamos variadas tarefas organizativas, entre as que destaca a concreción da temática principal por ciclos.

- **Ed. Infantil** fíxoo en: “**Da horta ao prato**”, para investigar sobre a pegada que deixa o consumo no sector alimentario. Alimentos quilométricos, produtos de tempada, agricultura ecolóxica...
- **1º ciclo** decidiu investigar a pegada que deixa a industria téxtil na súa concreción “**Entre costuras**”, que os levou a indagar sobre a roupa ao longo da historia, os materiais empregados, o consumo de auga e enerxía que producen...



- **2º ciclo** artellou a súa investigación arredor do ODS, co subtítulo “**Axenda 2030: un plan para un mundo mellor**”. Propuxéronse numerosas situacións de aprendizaxe formuladas entorno aos distintos obxectivos de desenvolvemento sostible.
- **3º ciclo** fixo unha investigación documental sobre “**As illas de plástico**” a partir da información que lles chegou sobre a súa existencia en diversos océanos do planeta. Isto levounos a investigar sobre o ciclo da reciclaxe e a situación no propio concello, ademais de mergullarse na orixe do plástico e a súa curta historia.

Os catro temas concretados saen do tema principal e fan que, partindo do mesmo punto de saída, avancemos por traxectorias distintas durante a 2ª fase, a de procura e tratamento da información.

Pensamos que isto enriquece notablemente a investigación e nos permite, logo da proposta inicial, axustar a temática aos intereses curriculares de cada ciclo e o seu aproveitamento.

Pode ser, que grazas a isto desenvolvemos un Proxecto Documental Integrado que se convirte en 4 simultáneos, entroncados pola temática común, pero que ten en conta os intereses e as particularidades do alumnado nos distintos ciclos e etapas educativas, á hora de deseñar e desenvolver actividades para traballar coa información.

3.- PROCESO

É difícil describir unha proposta deste tamaño nunhas poucas liñas.

Para comezar, e como director do noso centro, quero dicir que logo da traxectoria que temos amosado ao longo dos anos sinto unha satisfacción inmensa polo desenvolvemento do proxecto deste curso.

O **nivel acadado** en cada un dos ciclos e etapas educativas foi **moi alto** e penso que todos acadaron a excelencia. Pódoo dicir, porque estou valorando o traballo das miñas compañeiras, xa que este curso non tiven unha participación directa no desenvolvemento e fun un mero dinamizador, acompañante, facilitador...

É o mellor Proxecto Documental que se desenvolveu na nosa escola nos máis de 10 cursos que levamos traballando a Alfabetización Mediática e Informacional.

Nas reunións iniciais fixemos a introdución da temática, que nos levaría a eses 4 PDIs relacionados entre si, e que o profesorado se encargou de presentar durante os meses de setembro e outubro.

Todo isto coa dificultade de que non había Biblioteca, pois estaba en obras e non se puido empregar ate primeiros de decembro e inaugurarse ate o 20 de xaneiro.

O traballo desenvolveuse por ciclos, o que fixo que durante moitas sesións o deseño fora o de actividades **internivel**.

Pouco a pouco se foron sucedendo situacións de aprendizaxe a partir de **visitas, entrevistas, consultas na rede**, e cando se puido, **traballo na Biblioteca, coa**



documentación, cos recursos creativos, de radio, impresión 3D, audiovisuais...

Elaboráronse **paneis informativos, documentos textuais, entrevistas** na radio, **campañas publicitarias, procura de establecementos e entidades colaboradoras**, propiciáronse situacións de **aprendizaxe servizo**, deseñáronse **estacións de aprendizaxe e itinerarios** a través dos espazos da biblioteca, houbo **charlas informativas e obradoiros** sobre as distintas temáticas.

ED. INFANTIL: investigamos sobre da pegada ecolóxica que deixa o consumo de alimentos e o xeito de reducila. Co proxecto **“Da Horta ao Prato”** traballamos arredor de **catro piares fundamentais: sostible, ecolóxico, Km 0 e de tempada.**



Todo comezou coa canción **“A horta de Balbina”** como motivación e os vídeos de **Vermi**, unha miñoca que vivía nesa horta ideal, onde se cultivaba todo natural sen contaminar, pedíndonos axuda.



1º CICLO: Neste percorrido, o alumnado aprendeu a desenvolver a súa capacidade de emprendemento e a tomar conciencia do impacto que a moda ten sobre o planeta e como facer para reducir ese impacto.



A Historia da Moda, Moda Rápida vs Moda Sostible, o etiquetado, pequenas e grandes empresas, os tinguiduras, os tecidos e materiais, outra vida para a roupa... foi o que centrou a súa investigación.

2º CICLO: Ao longo de todo o curso fóronse propoñendo ao alumnado situacións de aprendizaxe formuladas entorno a bloques de ODS. Así, os e as estudantes levan a cabo un reto, obxectivo ou resolución dun problema cunha proposta transformadora.

O organigrama de traballo recolle unha serie de tarefas, experiencias e accións sinxelas para coidar o planeta, axudar ás persoas e poñer en práctica os obxectivos de desenvolvemento sostible.



3º CICLO: coa toma de coñecemento sobre as illas de plástico existentes no mundo comezaron a investigar sobre o momento no que apareceron e, a partir de aí, a situación de cada unha delas.

Máis tarde xurdiu o seguinte eixo do proxecto: **Por que se forman estas illas de plástico?**



Deste xeito, **o alumnado analizou como diferentes países europeos influían na formación de ditas illas.**

Logo de indagar sobre Alemaña e Suíza, dous países envexables no mundo en canto á reciclaxe, estableceron diferenzas que existían con España en xeral e co seu concello, A Lama, en particular.

4.- DOCUMENTACIÓN

A documentación que se elaborou nos distintos ciclos tivo como principal finalidade a recollida da información obtida durante a investigación.

Cada un deles empregou o formato que quixo, pero o denominador común foi o emprego de recursos analóxicos e dixitais que proporcionou a Biblioteca para a elaboración destes materiais: **gráficos, plásticos, audiovisuais, audibles e textuais.**

A través do blog da biblioteca <http://www.orecantodeleo.org> e baixo a **etiqueta “PDI 2023”** pódese dar conta deles. Outros, a modo de exemplo, irán acompañando a esta memoria como recursos elaborados.

Quero destacar tamén a presentación preparada polo equipo directivo para todo o profesorado coa que se intenta facer unha aproximación rápida e concisa do que é un PDI e como o organizamos no CEIP A Lama, polas súas particularidades. Esta é unha das tarefas de acollida que a Biblioteca fai a principio de curso para explicar aos novos docentes (50% do claustro) en que consiste, como se deseña, como se desenvolve, como se presenta á comunidade e o por que deste traballo coas fontes de información.

5.- TAREFAS

Enumeramos a continuación as tarefas máis importantes que se realizaron nos distintos niveis e que se complementan cos vídeos que se poden visitar a través do noso blog.

- **Festa de Inicio do PDI:** obradoiros multinivel desenvolvidos o 24 de outubro coincidindo co Día da Biblioteca.,
- **Presentación e debate sobre o tema:** Que sabemos? Que queremos saber? Onde imos buscar?
- **Fase de procura e tratamento da información:**
 - Saídas escolares para procurar información directamente dos expertos: Culler de Pau, hidroeléctrica do río Xesta, empresa téxtil familiar en Cangas, tenda de roupa de 2ª man en Marín...
 - Traballos coa documentación na aula e na biblioteca, nos libros e dispositivos.
 - Obradoiros con expertos que se achegaron á escola.
 - Preparación e realización de entrevistas dende CEIBE Radio.
 - Gravación de vídeos para a posterior fase de presentación.
 - Experimentación científica coa información obtida nos obradoiros sobre a Horta Escolar.
 - Programación con Microbit: Obradoiro de Biblioteca Creativa.
 - Con(s)Ciencia Ecolóxica: calculamos a nosa pegada enerxética e coñecemos enerxías alternativas.
 - *Con+ciencia:* experimentamos coa auga.
 - Recollida de información en materiais elaborados polo profesorado: Estudo do etiquetado das prendas de roupa, Como lle



damos unha segunda vida á roupa que desbotamos? Que pegada deixan as tinguiduras, os tecidos e os materiais empregados na industria téxtil?; por mencionar algún deles.

- Tecendo lazos pola igualdade.
- I Carreira Quilómetro Solidario (ODS 1, 2 e 3).
- Relación do proxecto con conmemoracións do Calendario Escolar.

- **Fase de presentación:**

- Preparación dos guións e ensaio da presentación.
- Preparación dos distintos escenarios.
- Elaboración dos últimos materiais para as presentacións.
- Presentación para os escolares, presentación para as familias e “A Lama, Spring Show”, I Feira de Exhibición.

6.- RECURSOS

Os recursos empregados foron:

- A Biblioteca en toda a súa extensión: sala de lectura e Laboratorios Creativo e de Radio e Laboratorio da Comunicación.
- Tablets e ordenadores con conexión a internet.
- Documentos da Biblioteca.
- Pranchas de cartón reciclado.
- Cinta de cobre autoadhesiva e pintura condutiva.
- Placas Makey Makey e Microbit.
- Impresións realizadas na fotocopiadora da escola.
- Cámara de vídeo, micrófono de solapa, iPad, trípode e iluminación, teleprompter e croma como materiais audiovisuais máis destacables.

- Radio na Biblio.
- Recollida de materiais naturais da contorna.
- Caixas ODS.

Algunhas referencias bibliográficas:

- Millán, Blanca (2022). O gran libro da nosa horta. Ed. Cumio.
- Sánchez, Ester (2006). ¿Qué es la agricultura ecológica? Pintar-Pintar.
- Camacho, Juan Luis (2002). A horta en Galicia. Guía práctica para o cultivo. Ed. Bahía.
- Alejandro, Rocío (2018). A horta de Simón. Kalandraka.
- Eunju, Kim (2021). Plástico: Pasado, presente y futuro. Ed. Juventud.
- Hurtado, Raúl (2019). Paremos la invasión, que el plástico no nos domine.
Andana
- E moitos máis exemplos dispoñibles no noso fondo.

Algunhas en internet:

- Web de Adegas. <https://www.adega.gal/portada.php>
- Web da ONU. <https://www.un.org/sustainabledevelopment/es/objetivos-de-desarrollo-sostenible/>
- <https://soydetemporada.es>
- Vídeos educativos de plataformas dixitais: Youtube, Vimeo...

Fontes orais:

- Visitas e exposicións informativas.
- Entrevista a Jairo, deseñador de moda sostible.
- Saída á horta do restaurante Culler de Pau.
- Familias con coñecementos profesionais sobre as temáticas.

- Expertas da asociación Xaruma.
- Persoal de Revitaliza, Deputación de Pontevedra.
- Xerente do supermercado Eroski da Lama.
- O baúl de Cari.

Apps:

- Toca Tailor Fairy Tales (para deseño de modelos de roupa).
- Max-see (visor bluetooth para conectarse co microscopio).
- Google (aplicación de realidade aumentada).

7.- IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

A implicación da Comunidade Educativa foi excelente. O alumnado e as titoras envorcáronse no proxecto e o profesorado especialista apoiou de maneira notable.

A coordinación e a colaboración entre os equipos docentes foi total, destacando a que se dá entre os Equipos de Biblioteca, Dinamización da Lingua e Actividades Extraescolares e Complementarias.

Pola banda das familias non podemos máis que dar as grazas polo apoio e a confianza que teñan nas nosas apostas formativas.

Dende o noso centro de formación e recursos (Pontevedra) recibimos o asesoramento e os recursos formativos que deseñamos no noso PFPP coa liña de traballo de relacionada coa Biblioteca Escolar.



8.- DIFUSIÓN DOS TRABALLOS


O principal medio de difusión para os nosos traballos é o **blog da Biblioteca**, <http://www.orecantodeleo.org>, que etiquetou as entradas relativas ao proxecto como "**PDI 2023**".

Asemade empregouse a plataforma de aloxamento de vídeos Vimeo, para poder embeber o código.

A prensa local tamén se fixo eco con entrevistas na emisora de radio local e a ANPA difundiu a través da súa conta en Facebook distintas intervencións realizadas durante o proxecto.

Como novidade este curso organizamos o demos en chamar "**A Lama, Spring Show**", unha xornada de portas abertas na escola, na que se puideron mover con liberdade polos espazos habilitados para a exposición do aprendido, que con carácter previo e interno xa fixeramos para todo o alumnado.

A valoración desta **I Feira de Exhibición** pola Comunidade Educativa foi entusiasta en tódolos sectores.



9.- AVALIACIÓN

No tocante á avaliación facer unha reflexión sobre tres aspectos: a **valoración do resultado do proxecto desenvolvido**, a avaliación dos recursos dispoñibles e a **avaliación do proceso de aprendizaxe** do alumnado: competencias, contidos e avaliación das áreas.

Con respecto á **valoración realizada polo profesorado sobre o proxecto**, dicir que a sensación foi bastante unánime: **alto grao de satisfacción co proceso e coa capacidade de traballo desenvolvido e valoración positiva das oportunidades de aprendizaxe**. Tamén se valorou a necesidade de revisar a temporalización para axustar un pouco os tempos e non apareza a vertixe do último momento.

O profesorado **trasladou unha elevada satisfacción cos recursos e os espazos dos que dispoñemos, froito de anos de traballo, e que culminaron este curso coa inauguración da nova biblioteca LIA3**.

Para a **avaliación do proceso de aprendizaxe** realizouse unha **análise inversa**, é dicir, **partimos de situacións formativas que deseñamos e facemos unha valoración de que criterios de avaliación se poden relacionar coa mesma**.

O mesmo proceso realizouse para valorar a adquisición das Competencias.

Nas programacións didácticas elaboradas contemplouse, como cada curso, que porcentaxe da cualificación en cada área lle outorgamos ao aprendido durante o desenvolvemento do PDI.

10.- BIBLIOTECA

O **Equipo de Biblioteca** ocupa unha función fundamental en todo o proceso, dende que se coñece o tema, xa por abril do curso anterior e comeza a buscar documentos que nos poidan valer para o proxecto.

Non é novo **enumerar todo o que a nosa Biblioteca aporta á escola, ao desenvolvemento do currículo, á compensación das desigualdades entre o alumnado**: organización, espazos amplos e polivalentes, múltiple variedade de recursos audiovisuais, formación de usuarios, profesorado e familias, acceso a plataformas, dispositivos, internet, os programas que redondean o noso proxecto como o PLAMBE, Radio na Biblio, Biblioteca Creativa, E-LBE2 e outros que atraemos cara a Biblioteca: Edixgal, Polos Creativos, Contratos-Programa...

Proba disto é a inxente cantidade de **visitas que recibimos este curso por parte de compañeiros e compañeiras doutros centros galegos**, ou mesmo dun grupo de **asesores de formación da Bretaña Francesa acompañados do seu inspector**, ou o **director dunha escola de Finlandia** que previamente nos acollera en setembro. Tamén destacar a invitación a participar no Congreso “Líderes Digitales” da Comunidade de Madrid para presentar a nosa experiencia de dixitalización na escola e na que tanta implicación ten a Biblioteca.

A satisfacción da Comunidade Educativa é un dos principais indicadores de que a Biblioteca xa non é só o motor da nosa escola, deu en converterse en algo máis.